

# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



## *Cyperus eragrostis* Lam.

Oriunda da costa americana, a coñecida como xuncia, é unha herbácea de talos tígonos da familia do papiro, probablemente introducida de xeito accidental asociada a cultivos ornamentais. Ten un comportamento invasivo moderado, desprazando á vexetación autóctona pola ocupación do espazo, provocando tamén impactos sobre os terreos agrícolas e axardinados dificultando o laboreo. Presente en zonas ruderais, beiras de camiños, zonas húmidas, bordos de regatos e campos de cultivo.

Colabora no Atlas escribindo a [botanica@sghn.org](mailto:botanica@sghn.org)



[http://www.sghn.org/Seccion\\_Botanica/Seccion\\_Botanica.html](http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html)

